



MODELO III

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

EXPEDIENTE N.º : 2009/2005

CENTRO: Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías

DEPARTAMENTO / SERVIZO: Servizo de Informática e Comunicacóns

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

MANTEMENTO DE EQUIPOS DE CONMUTACIÓN DA REDE DE DATOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1. DESCRICIÓN DO SERVIZO

O obxecto deste concurso é o mantemento, substitución e reparación do equipamento da rede que figura no Anexo 1, e a resolución dos problemas que podan xurdir. Entenderase por mantemento da rede de datos calquera función necesaria para o correcto funcionamento da rede de datos da UDC, incluíndo as reconfiguracións necesarias para garantir o correcto funcionamento desta. Incluirá:

1.1 MANTEMENTO PREVENTIVO

Aplicase as revisións periódicas, comprobacións e cambios que se realizan co fin de asegurar a fiabilidade e o correcto funcionamento dos equipos de comunicacións e de prevenir problemas de seguridade, incluído o diagnóstico remoto e as actualizacións de software. O adxudicatario consensuará coa Universidade un plan de revisións preventivas, en función dos equipos adscritos a este contrato.

1.2 MANTEMENTO CORRECTIVO

Este tipo de mantemento cubre as intervencións dirixidas a solucionar calquera anomalía de funcionamento dos equipos afectados polo contrato, as cales serán realizadas por un parte de avaría reportado pola Universidade.

- a) No caso de equipos físicos implica a subsanación ou reparación das avarías, con substitución das pezas ou repostos necesarios, deixando o equipo plenamente operativo.
- b) O adxudicatario poderá optar, sempre de acordo coa Universidade, por substituír o equipo avariado por outro de prestacións equivalentes ou superiores e retiralo aos seus talleres para a súa reparación, especialmente cando exista risco de non cumprir os parámetros de calidade (tempos de resolución) establecidos.
- c) A instalación e configuración dos paquetes de software e firmware dos equipos obxecto do servizo de mantemento que deban realizarse por un incorrecto funcionamento dos mesmos ou por problemas de seguridade están incluídas neste servizo.

1.3 SOPORTE DE ACTUALIZACIÓNS

Cubre aquelas intervencións que, a petición da Universidade ou por accións programadas se realicen sobre os equipos en áreas a mellora-lo seu funcionamento ou incrementa-la súa capacidade de servizo.



Inclúe o subministro e a instalación de tódalas novas versión, actualizacións e parches que puideran ser necesarios para corrixir ou prevenir un funcionamento anómalo dos mesmos (mantemento correctivo) así como consultas e soporte técnico para a resolución de problemas relacionados con dito equipo.

2. REQUERIMENTOS ESPECÍFICOS QUE DEBERÁ CUMPRIR O MANTEMENTO

- Resolución de calquera tipo de incidencia nun tempo máximo de 24 horas. Detallaranse os tempos de resolución segundo dous tipos de avaría: normal e grave. Enténdese por avaría grave aquela que afecta ao servizo de a lo menos un centro completo.
- Reposición en avance de calquera equipo avariado en 24 horas dende o aviso (seguinte día laborable) excepto para equipos críticos que será no menor tempo posible
- Reparación posterior dos equipos que así o precisen
- Actualización do firmware/software dos equipos relacionados no anexo 1
- Soporte técnico tanto por vía electrónica como telefónica 24 horas e atención de consultas en horario laboral
- Asistencia on-site para a resolución dos problemas que así o requiran
- Detallaranse os tempos de resposta comprometidos non sendo nunca superiores a 4 horas en días laborables.
- Descrición do protocolo de comunicación entre a UDC e o servizo de mantemento da empresa ofertante para o reporte de incidencias e o seu seguimento
- Porase a disposición do persoal técnico da Rede de Comunicacións da Universidade a documentación técnica e o soporte técnico que se requira relacionado cos equipos contemplado no anexo 1.
- prezo de adxudicación incluírá a totalidade dos custes, incluídos os de envío, desprazamentos, dietas, etc.
- No caso dos equipos de ALCATEL, a empresa adxudicataria, deberá contratar cos fabricantes o mantemento da totalidade dos equipos descritos no anexo 1, estando obrigada a presentar proba do mesmo á UDC. De non ser satisfeita esta condición a UDC está facultada para rescindir o contrato.
- O oferterante deberá asumir a xestión das garantías (cando as houbera) cos servizos técnicos dos dadores das garantías, facer os traslados que foran precisos (asumindo a totalidade dos custos), realizar o seguimento da reparación e reinstalación se fora necesaria do equipo ou sistema unha vez finalizada a intervención do dador da garantía.
- O adxudicatario deberá contar cun stock dos equipos instalados na Universidade suficiente para garantir a súa reposición. Detallárase ese equipamento.
- Describírase o contido e periodicidade dos informes relativos a incidencias
- A empresa adxudicataria comprometerase a realizar tódalas actuacións necesarias, entendéndose como tales aquelas que no caso de non realizarse afecten ó funcionamento normal da rede ou dos equipos obxecto deste concurso.
- No caso do equipamento da rede sen fíos, cando a Universidade notifique problemas de servizo, a empresa encargárase de facer as comprobacións precisas de cobertura, análise de interferencias, funcionamento dos inxectores PoE, conectividade Ethernet, e se é o caso substituír fisicamente os elementos necesarios (incluídas as antenas).

O adxudicatario será o encargado de substituír fisicamente os equipos ou elementos avariados nas instalación da UDC no tempo máximo establecido para a resolución de incidencias.

O adxudicatario asignará de forma preferente ao mesmo técnico para a resolución de incidencias, aproveitando así o coñecemento do contexto da instalación, e facilitando a rapidez na resolución das incidencias. En caso de cambio do técnico durante a vixencia do contrato, o adxudicatario deberá comunicar o dito cambio á UDC.



3. PRESENTACIÓN DA OFERTA

A documentación incluirá:

- Memoria descritiva da execución do contrato incluíndo condicións do mantemento, prazos de actuación, aportacións que realice a empresa sobre os mínimos fixados no presente prego, idoneidade e inclusión doutras melloras que redunden na calidade do servizo.
- Incluirá
- compromisos existentes e previstos co fabricante do anexo 1, a descrición do protocolo de comunicación e actuación coa UDC, e a aceptación de tódolos requisitos expostos neste prego.
- Táboa resumo da oferta.


4. PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN

Presuposto (sen IVE): 205.000 €

IVE: 32.800 €

Presuposto (con IVE): 237.800 € (dous anos).

A Coruña, 2 de novembro de 2009



Asdo.: Elena Sierra Palmeiro

A Vicepresidente
P.O. (Resolución 18-06-2009)

M. Jesús Grela Barreiro


ANEXO 1. LISTAXE DOS EQUIPOS

CANTIDADE	MODELO	MARCA	DESCRIPCIÓN
4	OS9700-RCB-A	Alcatel	Chasis OS9700 redundante (CMM dual), 3 OS9-PS-0600A, 2 OS9700-CMM
9	OS9-GNI-U24	Alcatel	24-unpopulated 1000BaseX ports + MiniGBIC
1	OS9-GNI-C24	Alcatel	24-10/100/1000BaseT/TX RJ45 ports
7	OS9-XNI-U2	Alcatel	2-unpopulated 10000BaseX ports
8	XFP-10G-ER40	Alcatel	10 Gigabit Ethernet Optical transceiver
8	OS-6600-P24	Alcatel	Apilable OS-6600 with 24-10/100BaseT/TX RJ45 ports with POE
30	OS-6602-48	Alcatel	Apilable OS-6602 with 48-10/100BaseT/TX RJ45 ports
62	OS-6800-48	Alcatel	Apilable OS-6800 with 48-10/100/1000BaseT/TX RJ45 ports
83	OS-6850-48	Alcatel	Apilable OS-6850 with 48-10/100/1000BaseT/TX RJ45 ports
9	OS-6850-U24X	Alcatel	Apilable OS-6850 with 24-unpopulated 1000BaseX ports + MiniGBIC
2	OS78-chassis	Alcatel	Chasis OS7800 redundante
2	OS77-chassis	Alcatel	Chasis OS7700 redundante
4	OS78-CMM	Alcatel	Tarjeta CPU OS7800
4	OS77-CMM	Alcatel	Tarjeta CPU OS7700
5	OS7-GNI2-U12	Alcatel	12-unpopulated 1000BaseX ports + MiniGBIC
10	OS7-GNI2-C12	Alcatel	12-10/100/1000BaseT/TX RJ45 ports
16	OS7-ENI2-C24	Alcatel	24-10/100BaseT/TX RJ45 ports
4	OS7-ENI-P24	Alcatel	24-10/100BaseT/TX RJ45 ports with POE

A Coruña, 2 de novembro de 2009


Elena Sierra Palmeiro

A vicexerente
P.O. (Resolución 16.06.2009)


María Jesús Grela Barreiro